



INFORME SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2026

En execución da Resolución da Alcaldía Presidencia de data 11 de agosto de 2025 e das directrices do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda relativas a avaliación do estado de gastos e ingresos para a formación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2026, elabóranse os devanditos estados, xustificando en cada caso a obtención das contías de cada un dos capítulos dos estados de gastos e ingresos e da situación do endebedamento.

Normativa

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Directiva 2011/85/EU, do Consello, de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para dar cumprimento á remisión de información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2024.

Antecedentes

O Ministerio de Facenda, como todos os anos solicita a través da plataforma a información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2026, permanecendo en estado de incorporación de información até as 24,00 horas do día 15/09/2025.

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/21012, en adiante (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (agora Ministerio de Facenda e Función Pública), información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, aos efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 1 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro defínese máis abaixo, que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Resolución do Sr. Alcalde de 11 de agosto de 2025 de inicio do expediente.

Directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de data 11 de agosto, nas que se fixan os criterios que debe conter a formación das Liñas fundamentais do Orzamento.

Previsión de execución do ano 2025 dos estados de gastos e ingresos do grupo de consolidación.

Contido da información a subministrar

De acordo coa instrumentación do principio de transparencia, a Corporación deberá informar, tal e como dispón o artigo 15.1 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sobre os seguintes puntos:

- Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.
- Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculado conforme a normas do sistema europeo de contas.
- Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.
- Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.
- Modificacións significativas nos criterios de orzamentación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.
- Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do plan orzamentario a medio prazo establecido no artigo 6 da devandita Orde. De producirse diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada relativa ao devandito plan orzamentario.
- O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 2 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Principios básicos das liñas fundamentais do orzamento.

O Orzamento baséase no cumprimento de forma integrada dos seguintes principios:

Equilibrio Orzamentario: Os recursos que se xeren teñen que ser suficientes para financiar os gastos de cada exercicio económico.

Estabilidade Orzamentaria: A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos do Concello de Vigo deberán dar como resultado unha situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Sustentabilidade Financeira: Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na LOEOeSF, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

Planificación económica: As políticas de gasto público deberán encadrarse nun Plan de planificación plurianual, programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Planificación orzamentaria basearase no escenario marco-orzamentario máis probable ou nun escenario máis prudente. Sobre este extremo, xa foi remitido nos prazos legais previstos o Marco Orzamentario do período 2026-2028 e asinado en data 14/03/2025, sobre o que se sustancia agora as liñas fundamentais do orzamento.

Perímetro de consolidación do Grupo Concello de Vigo

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

Entidade local principal, que é a entidade matriz .

Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.

Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local.

No Inventario de Entes do Sector Público, figuran como Entes do Grupo:

Concello de Vigo .

Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

As Fundacións seguintes: (MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 3 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Entes que non forman parte do perímetro de consolidación

Sociedade Universitaria SA. Participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

Consortio Casco Vello de Vigo. A participación é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas, formando parte do perímetro de consolidación do Orzamento da Xunta de Galicia.

Participación na Empresa de Servizos Mortuorios. O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100. Existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica créase o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Financiamento dos entes que conforman o grupo

O financiamento da Fundación MARCO é maioritariamente a cargo do Concello: a transferencia prevista no ano 2026 é do 70,84% (770.000 euros), e a da CONVENTION BUREAU, é do 45,25% (250.000 euros), aínda que o seu Orzamento, contén outra previsión para o Plan de promoción das Illas Cíes que transfere o Concello por 225.000 euros, sendo o financiamento público da matriz, do 86,4% polo que, a consolidación non vai ter repercusión algunha, a Fundación Liste ten un financiamento da Entidade Matriz do 95,5% (127.000 euros).

Obxectivos de cumprimento da regra do gasto, estabilidade e endebedamento

O Orzamento e as liñas fundamentais deben ter en conta os obxectivos das regras fiscais de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e o límite de débeda, expresados en termos porcentuais sobre o PIB.

O artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, relativo ao establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas, sinala no seu apartado primeiro que corresponde ao Goberno da Nación dentro dos seis primeiros meses do ano a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

O apartado segundo establece que para a fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a regra de gasto reflectida no artigo 12 da LOEOSF, a cal será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus orzamentos, que marca a evolución do gasto.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior, antes do 1 de abril de cada ano o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas remitirá as respectivas propostas de obxectivos ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e á Comisión Nacional de Administración Local, que deberán emitir os seus informes nun prazo máximo de 15 días a contar desde a data de recepción das propostas na Secretaría Xeral do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e na secretaria da Comisión Nacional de Administración Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 4 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Regras fiscais ano 2026

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do día 23 de xullo de 2024 o Acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos de cumprimento ás regras fiscais, ten carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedando fixados os seguintes obxectivos:

Estabilidade

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Este obxectivo é obrigatorio para o subsector, aínda que difícil de aplicar a cada entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entidade á formación do PIB nacional, polo tanto, a análise e a obriga de cada ente do subsector local, é liquidar o Orzamento do ano 2025 e formar o Orzamento do ano 2026 en equilibrio ou superávit.

Da proxección da Liquidación Orzamentaria que se incorpora ao expediente correspondente ao ano 2025, conclúese que vaise dar cumprimento ao obxectivo, sempre baixo as hipóteses previstas.

Regra de gasto

En canto ao crecemento do gasto, a recomendación da Comisión Europea a España foi de que a mesmo evolucionase a unha taxa non superior que o 2,8% do PIB como máximo para o ano 2026.

A regra de gasto non ten que ser aprobada polas Cortes Xerais, polo que é vinculante o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo de 2024, no que se fixaron os coeficientes de evolución do gasto non financeiro para o período 2025-2027.

	2025	2026	2027
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3,20%	3,30%	3,40%

A taxa de variación aplicable ao 2026 sobre a liquidación prevista do ano 2025, unha vez axustada, non superará o 3,30%

Da proxección da Liquidación Orzamentaria que se incorpora ao expediente correspondente ao ano 2025, vaise dar cumprimento ao obxectivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 5 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Endebedamento

Este é o principal obxectivo da Comisión, o control do endebedamento. O artigo 13 da LOEPSF, fixa o límite global da débeda do conxunto das AAPP no 60% do PIB, repartido entre os distintos subsectores: 44% Administración Central, 13% CCAA e 3% para o conxunto das entidades locais.

Ao peche do ano 2024, o endebedamento das AAPP segundo o PDE, é do 101,8%, do que, o 21,1% corresponde ás CCAA e o 1,4% ás EELL.

O Subsector local, da cumprimento ao previsto no artigo 13 a LOEOSF, aínda que deberá reducir o seu peso para o peche do ano 2025, pasando do 1,4% ao 1,3% do PIB

Segundo o acordo do Consello de Ministros do 16/07/2024, é o seguinte:

	2025	2026	2027
Subsector local	1,30%	1,30%	1,20%

O Concello de Vigo nin o Grupo de Consolidación, teñen débeda financeira pendente de amortizar, polo que, este obxectivo tamén será obxecto de cumprimento.

Se as Cortes Xerais, aprobasen outros obxectivos, habería que estar ao seu cumprimento.

Os ingresos non financeiros marcarán o teito de asignación de recursos, aínda que pode ocorrer que o importe total de gastos non financeiros sexa superior ao total de ingresos non financeiros sempre que se cumpra:

- a necesaria nivelación orzamentaria requirida polo TRLRHL en canto ao total dos ingresos e gastos (capítulos I a IX)
- e a nivelación dos ingresos correntes para absorber os gastos correntes e a amortización de débeda do exercicio (se é o caso).
- A nivelación en termos de estabilidade, que a suma dos capítulos 1 ao 7 de ingresos sexa maior ou igual que a dos capítulos do 1 ao 7 de gastos cos axustes que estean previstos na normativa vixente.

Orzamento de partida aos efectos de fixar as liñas fundamentais

A base de cálculo é a Liquidación Orzamentaria do ano 2024, aprobada por Resolución do Sr. Alcalde Presidente de data 01/02/2025, da que, se deu conta ao Pleno do Concello na sesión ordinaria do 24/02/2025, que foi enviada ao MINHAFP, e do Orzamento para o ano 2025 aprobado con carácter definitivo polo Pleno da Corporación en sesión do 23/12/2024, sendo estas as bases de cálculo para proxectar a Liquidación do ano 2025 e o anteproxecto orzamentario do ano 2026.

Hay diferencias en relación co Marco Orzamentario 2026-2028, sendo as máis relevantes as seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 6 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



No estado de gastos, o gasto do novo modelo de prestación do servizo de transporte colectivo urbano, estaba previsto no capítulo 2, de aí, que a variación de este capítulo entre o marco orzamentario de medio prazo e as liñas fundamentais sexa tan grande, finalmente, a súa orzamentación mantense no capítulo 4, por esta razón, a partires da cuantificación de este contrato, as desviacións entre as dúas previsións, están basicamente no capítulo 2 e 4.

Ademais, no tempo de formación do marco orzamentario de medio prazo, non se tiña coñecemento do custe de dous contratos, o do SAF e o de mantemento de xardíns a parques infantís e biosaudables, que como se fai constar neste informe, as variacións nestes contratos superan os sete millóns de euros, de aí, a variación.

Nos ingresos, as variacións teñen causa na toma de decisións sobre a revisión das ordenanzas fiscais, e no capítulo 2, a variación, mellora nas liquidacións do ICIO e a súa previsión coa entrada en vigor do novo PXOM.

GASTOS			INGRESOS	
Capítulos	Marco de medio prazo	Liñas fundamentais	Marco de medio prazo	Liñas fundamentais
1*	2,00%	2,46%	3,00%	3,73%
2**	3,00%	6,03%	3,00%	29,90%
3	0,50%	19,31%	2,50%	3,13%
4	2,00%	9,51%	2,50%	0,37%
5	0,00 %		1,00%	-0,43%
6	41.727.906,00	41.800.000,00		
7			22.100.000,00	21.516.625,00

* Non Estaba previsto a creación de novas prazas, SPEIS, Benestar Social e Área Económica.

** Novos contratos de mantemento de xardíns, parques infantís, SAF, Pazo de Congressos.

Competencia para a aprobación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2026.

De conformidade co previsto no artigo 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, e será aprobado pola Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión informativa de Orzamentos e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro dos obxectivos fiscais ou taxas de referencia previstas en cada caso, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente, aínda que se deberá dar conta ao Pleno da Corporación, por ser este o órgano que ten competencia para aprobalos, aínda que esta dación de conta non é vinculante.

En execución dese mandato legal, elaboráronse as liñas do orzamento que agora van ser sometidas á aprobación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 7 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, as liñas fundamentais do orzamento do ano 2026.

Criterios tidos en conta para a formación liñas orzamentarias

As liñas fundamentais do orzamento da entidade local deberán elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local (SEC-2010).

A información está en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de: Entidade local principal, Organismo Autónomo dependente da entidade local principal (XMU), Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais e estean sectorizados como Administración Pública, incluíndo ás Fundacións MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU.

Non hai modificacións significativas nos criterios de orzamentación que dificulten unha comparativa homoxénea co exercicio precedente, coa excepción de reflectir no Orzamento do ano 2026 a evolución no gasto corrente que ten causa nos novos contratos que se relacionan e a variación de prezo de determinadas prestacións que están en licitación que entran en vigor no ano 2026.

Nos ingresos, se implanta a recarga sobre a taxa turística, que ten a súa aplicación no capítulo 2 do estado de ingresos.

Variacións en relación co previsto no marco orzamentario de medio prazo (estados consolidados).

Capítulo	Gastos en millóns		L-M	Ingresos en millóns		L-M
	Marco Orz.	Liñas Fundamentais	Diferencia	Marco Orz.	Liñas Fundamentais	Diferencia
1	88,03	88,5	0,47	127,09	127,99	0,9
2	170,75	175,8	5,05	11,97	15,1	3,13
3	0,52	0,62	0,1	47,21	50,04	2,83
4	34,68	36,9	2,22	120,39	124,46	4,07
5	0,6	0,6	0	5,87	5,78	-0,09
6	41,73	41,83	0,1	0	0	0
7	1,29	1,1	-0,19	22,1	21,52	-0,58
8	0,53	0,53	0	0,53	0,53	0



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 8 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Gastos

No capítulo 1 do estado de gastos a variación non é significativa, no Marco orzamentario fixouse unha variación do 2%, e nas liñas fundamentais, a variación está próxima ao 2,5%, xustificada pola creación de novas prazas, a variación pola actualización retributiva fixouse no 1,8% sobre o previsto para o 2025.

No capítulo 2, a variación é importante, sendo as causas máis importantes as seguintes:

- No Marco Orzamentario estaba previsto o impacto do cambio na forma de xestión do servizo de Transporte Colectivo Urbano, que con posterioridade, aplicouse a prevista no artigo 312 da Lei de Contratos do Sector Público, polo que, a súa variación traspasouse ao capítulo 4. A variación en relación co ano 2025, é do 6,03%
- Estaba prevista a imputación ao ano 2026 distintas indemnizacións dos complexos deportivos explotados en réxime de concesión administrativa por unha contía de 2.522.000 euros que se imputaron ao ano 2025, tramitados na modificación orzamentaria do expediente 96/142.
- En igual circunstancia está a sentenza pola taxa a pagar a Augas de Galicia por unha contía de 1.500.000 euros, que tamén se imputa finalmente ao orzamento do ano 2025 tramitada no expediente 96/142.
- En relación co contrato de xestión integral de residuos, que ten unha parte fixa e unha variable en función do reciclaxe e do residuo orgánico, coa modificación do contrato, o tratamento do orgánico vaino a facer SOGAMA a un prezo tonelada do 50% que tiña ofertado a prestadora do servizo, o cal, supón unha baixa no contrato, que tiña segundo as anualidades previstas un incremento de 1.500.000 euros, e resulta que o prezo ten unha baixa.

En todo caso, a variación tan importante que se produce en relación co ano 2025, está fundamentada no novo contrato de mantemento de Xardíns, novo contrato de mantemento de parques infantís e o novo contrato de SAF, e en menor medida, novo contrato de apertura e peche de instalacións deportivas, novo contrato de mantemento do Pazo de Congressos, servizo de apertura, peche e mantemento do Pazo da Raposeira...

No capítulo 4, a variación na previsión do novo modelo de xestión, que agora pasa a ser un contrato de servizos con prezos bonificados, hay unha subvención ao usuario, ata agora a prestadora do servizo cobraba ao usuario a prezo que fixaba o Concello, o seu risco, entre outros, era o de demanda. O novo contrato, ten un custe calculado por anualidade, as licitadoras ofertarán un prezo, e retribuiranse co prezo subvencionado que fixe o Concello polos usos, e a diferenza ata o prezo ofertado, está a cargo do Orzamento Municipal, esa é a razón fundamental do incremento do capítulo 4. A variación en relación co ano 2025, e do 9,51%.

Capítulo 6. Non hai diferenzas, xa estaban incluídos os convenios e subvencións de outros axentes, (MITMA, DEPUTACIÓN, EDIL, FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE)

A variación en relación co ano 2025, é negativa, (6,28%).

A variación total entre o Marco orzamentario e as liñas fundamentais, e de 9 millóns de euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 9 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Ingresos

Capítulo 1.- En canto aos ingresos, a variación do capítulo 1, ten causa na actualización das Ordenanzas Fiscais, que supón unha mellora nas previsións do IBI, IAE e IVTM. Así mesmo, a previsión nas entregas a conta na cesión do IRPF. A variación en relación co ano 2025, é do 3,73%.

No capítulo 2.- A variación é importante, a implantación do recargo sobre o Imposto Autonómico de gravame do turismo, que se calculou para tres trimestres nunha contía de 2,1 millóns, ademais da mellora prevista no ICIO e a mesma nas entregas polo IVE, a variación en relación co ano 2025, é do 29,90%.

No capítulo 3, a variación é tendencial e da actualización das Ordenanzas Fiscais, a variación é negativa en relación con Marco orzamentario, non entanto é do 3,13% en relación co ano 2025.

O capítulo 4, a variación ten as seguintes causas: i), a liquidación positiva na PTE do ano 2024, por un contía segundo previsións do equipo técnico da FEMP, non prevista no Marco orzamentario de medio prazo, xa que non se dispoñía da información, ii) unha estimación na variación do FCF do 2,1%. O ingreso correspondente á Liquidación definitiva da cesión de tributos do Estado e do FCF correspondente ao ano 2024, non é recorrente, polo que, a variación entre o ingreso corrente e o gasto ordinario, debe e ten que ser maior que a contía do importe da liquidación do ano 2024, así está verificado.

A variación en relación co ano 2025 é do 0,37%, a liquidación definitiva da PTE do ano 2024 é moito menor que a do ano 2023.

Capítulo 5.- Non hai variación.

O capítulo 7. Inclúe o convenio asinado co MITMA en relación coa mellora da estrada da Avda. de Madrid por un importe de 5,1 millóns que tivo axuste de anualidade e convenio coa Deputación de Pontevedra pola achega para o investimento na Piscina de Teis por unha contía de 5 millóns de euros, así como o cofinanciamento das obras de Balaidos por unha contía de 6,6 millóns, as achegas da Estratexia de Desenvolvemento Integral Local (EDIL), por unha contía de 4,3 millóns da anualidade 2026 e da Fundación Biodiversidade, por unha anualidade de 0,6 millóns.

A variación en relación co ano 2025 e do 13,48%.

Análise de tipo xeral

Segundo a Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os gastos do ano 2026 tomaranse segundo as dotacións iniciais, mentres que as do ano 2025, faranse tendo en conta as previsións de obrigas que se van a recoñecer na Liquidación do Orzamento. É dicir, para o ano 2025, segundo o formulario F.2.1.2, debe facerse a proxección da Liquidación do estado de gastos, mentres que para o ano 2026 son as dotacións iniciais. A heteroxeneidade dos criterios, vai amosar unha variación entre a previsión de Liquidación coñecida a esta data coas previsións iniciais do ano 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 10 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Hai unha estimación de obrigas recoñecidas na previsión da Liquidación do ano 2025 por unha contía inferior cos créditos iniciais previstos para o ano 2026.

Os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva coa actualización prevista, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc.

As previsións de liquidación do orzamento do ano 2025, ten o seu fundamento nas porcentaxes de obrigas recoñecidas nos últimos TRES anos. Ademais do histórico, tamén se toma en consideración as obrigas recoñecidas a esta data así como os expedientes en trámite correspondentes aos investimentos e as previsións de obrigas que en cada caso poden xerar ao longo do ano 2025, de aí, que a base de cálculo que se está a ter en consideración, é unha base obxectiva con un grado obxectivo de certeza.

No caso das previsión do gasto que se prevé executar no capítulo 6 (investimentos da Entidade), representa un 31,19% das previsión definitivas e un 88,1% das previsións iniciais, prevéndose un nivel de execución alto no segundo semestre, aínda que non se alcanzaron os obxectivos previstos no primeiro semestre.

En termos consolidados, está previsto unha execución do 87,81% dos créditos iniciais e un 29,37% dos créditos definitivos.

A estimación en relación coa modificación orzamentaria 56,46A/2025, expediente 96/142, por unha contía 72,5 millóns, dos que 62 millóns son do capítulo 6, non van a ter impacto na liquidación orzamentaria do ano 2025.

Análise por capítulos

CAPÍTULO 1 (Gastos de Persoal).

A estimación prevista no Marco Orzamentario de medio prazo, era dunha variación do 2% en relación co ano 2025. O aumento salarial adicional do 0,5% para 2024 estaba condicionado ao cumprimento dun requisito macroeconómico: que a variación acumulada do IPC harmonizado (14,6% entre 2022 e 2024) superase o incremento retributivo fixo dese período (8%), ao estar superado, sobre as retribucións do ano 2024, hai que aplicar o 0,5%.

Hai que ter conta a Orde PJC/681/2025, de 1 de xullo, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 1 de xullo de 2025, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento das retribucións do persoal ao servizo do sector público previsto no artigo 6.2 do Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño, a súa cuantificación xa estaba prevista na formación deste capítulo para o ano 2025.

En relación ao ano 2025, a esta data non está aprobada a actualización retributiva, o Orzamento aprobado polo Concello de Vigo o 23/12/2024, tiña prevista unha actualización do 2%. A variación do IPC₂₀₂₄ foi do 2,8%, polo que, aos efectos da base de cálculo, vaise manter a previsión do 2%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 11 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



para o ano 2025 sobre a base das retribucións xa incrementadas do ano 2024. Esta actualización, de aprobarse a norma, tería efectos desde o 1 de xaneiro de 2025.

Para o ano 2026, as previsións de inflación do Banco de España son do 1,7% e as de Funcas, do 1,9%, polo que, debemos considerar unha media, estimando unha variación nos custes de persoal en termos del actualización das retribucións do 1,8%.

En aplicación do devandito acordo, ao efecto de avaliar as previsións orzamentarias, o cálculo dos conceptos retributivos do capítulo 1 se revisarán sobre a base do ano 2025, que está actualizada con 2,5% sobre a base do 2023 (2% do Real Decreto-ley 4/2024 + 0,5% da Orde PJC/681/2025), aplicarase o 2% do ano 2025, se esa é a actualización que se aprobase para o ano 2025, e sobre esa base de cálculo aplicarase o 1,8% para o ano 2026.

En resume, aplicada xa a Orde PJC/681/2025, a base de cálculo para o ano 2026, será a seguinte: $\text{Base } 2025 \times 1,02_{2025}$, pendente de aprobar, sobre a mesma, aplicarase o $1,8\%_{2026}$, é dicir, si tomamos a base 2025 unha vez aplicada a Orde PJC/681/2025, sería multiplicar por 1,03836, dos cales, como se fai referencia, o 2% xa está previsto no Orzamento do ano 2025 e sobre esta base, o 1,8% para o ano 2026.

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2026, contemplase unha actualización distinta, as retribucións variarán en función do que estableza a Lei, en máis ou en menos. Se a variación fose maior, esta se aplicará con cargo ás dotacións das prazas vacantes e o gasto efectivo imputaríase á bolsa de vinculación xurídica dos créditos, que como é coñecido, as Bases de Execución do Orzamento establecen a vinculación a nivel Área e Capítulo para os gastos de persoal, coas excepcións que se regulan nas devanditas Bases para as aplicacións de produtividade, gratificacións, contratos temporais e custe da seguridade social de este tipo de contratos. A inexecución prevista de este capítulo é do 17%.

CAPÍTULO 2 (Gastos en bens correntes e servizos).

A previsión no Marco Orzamentario para este capítulo, é do 3%. No transcurso do ano, asináronse estudos económicos cunha repercusión moi relevante neste capítulo, como contratos máis representativos destas variacións, está o de mantemento de Xardíns, o do Servizo de Axuda no Fogar, o de mantemento do Pazo de Congressos, o novo contrato de apertura e peche das instalacións deportivas, de aí, que a variación que se espera é do 6%.

O custe de tratamento de residuos sólidos urbanos conxestión en SOGAMA pola aplicación do previsto no artigo 93 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, de acordo aos datos do propio servizo, ten un aumento significativo, aínda que a Xunta de Galicia asume vía Orzamento unha parte do custe e SOGAMA, asume outra parte como unha bonificación ao prezo, o orzamento municipal asume o resto, o que supón unha variación no custe do servizo que está nos 10,5 millóns de euros, xa incluída a cuantificación do tratamento da fracción do contedor marrón, que xestionará SOGAMA, o que xera unha baixa na parte variable do contrato de prestación da xestión integral de residuos, polo que, segundo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 12 de 25
98-142	CSV: AEA8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



informe do xefe do servizo, a baixa que se produce na parte variable do contrato de tratamento integral de residuos, é suficiente para afrontar o incremento en SOGAMA do tratamento do residuo orgánico, ademais de cubrir o modificado do contrato, que terá un efecto acordeón, pola baixa da parte variable e subida pola ampliación das prestacións.

En relación coa dotación necesaria para a xestión integral dos residuos, estará formada polos datos do propio servizo, que conforma a parte fixa do contrato, a amortización e financiamento dos investimentos, a parte variable doutras recollidas non transferidas a SOGAMA (Mobles, aceites...), xa que a fracción do contedor marrón pasa a ser tratada por SOGAMA, e a parte do modificado aprobado no ano 2025 que consolide na estrutura de custes (Praias agás o verán, bulevar central da G. Via e outros), en cómputo neto, o custe non se altera.

O mantemento de parques xardíns, rotondas e parques infantís, biosaudables, mobiliario urbano e fontes, ten o incremento que supón os novos contratos, cuxa variación supera o 50% en relación coa dotación do ano 2025, sendo a variación prevista para o primeiro ano de 3,2 millóns de euros, que supón unha variación do 42,01% (dende o inicio previsto do contrato).

O novo contrato de mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, fontes ornamentais e parques caninos, que supón unha variación do 26,68%.

O contrato do SAF con maior nº de horas de prestación a un custe de hora superior con causa na evolución salarial pola variación á alza do IPC, estando en fase de licitación, pode superar en 5 euros hora de prestación, sendo a previsión, unha variación de 3,1 millóns de euros/ano neste contrato, un 28,47%.

Ampliación do servizo de mantemento da infraestrutura mecánica nas rúas (cintas, escaleiras, elevadores...), servizo de mantemento de viarios, limpeza de colexios e edificios municipais, servizo integral de comunicacións.

Se ten en conta o custe de apertura e funcionamento do Pazo da Raposeira.

O novo contrato de mantemento do Complexo de Beiramar.

O novo contrato de apertura e peche de instalación deportivas das instalación que non están incluídas no contrato vixente.

O contrato de cobertura de Responsabilidade Civil.

Novas licitación dos contratos de ensinanzas artísticas, de Escolas infantís, así como os axustes en aquelas prestacións que están suxeitas á variación de algún índice (PIB, Convenios laborais, etc). A súa dotación, inclúe a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramite, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato.

A maior parte do incremento de este capítulo vai estar relacionada coa prestación do servizo de SAF e co novo contrato mantemento de xardíns.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 13 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Hai que ter en conta que a variación que se está a fixar en relación ao ano 2025, é sobre os créditos iniciais, non sobre a liquidación prevista.

Así mesmo, o conxunto dos empregos non financeiros deberá estar dentro das posibilidades/estimacións do que se acorde en relación coa Taxa de Referencia de crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo (TRCPIB), que segundo a previsión vixente e de aplicación ao ano 2026, é do 3,3%, polo que, a desviación á alza do capítulo 2, debe estar compensada cun crecemento menor que o 3,3% de outros capítulos, entre os que está o capítulo 1 en termos de liquidación.

CAPÍTULO 3 (Gastos financeiros).

Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de xuros de demora, execución de avais e outras garantías. Non hai que facer dotación algunha para custes financeiros, xa que o Concello non ten débeda financeira, polo que non hai devengo de xuros por préstamos. A dotación que se reflecte, é para facer fronte aos gasto de xuros por devolución de ingresos.

CAPÍTULO 4 (Transferencias e Subvencións Correntes).

A base para as dotacións son as que figuran no PES e aquelas que están fora do seu ámbito.

As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes, engadindo, entre outras, as transferencias de funcionamento as Fundacións, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Mancomunidade de Municipios da Área de Vigo, Entidade Menor de Bembrive, subvención aos usos do transporte público colectivo segundo perfiles, Becas de comedor e libros, Axudas de emerxencia, Axudas para alimentos, alugueiros e carencia enerxética, axudas ao deporte, axudas a creación e fomento do emprego, axudas a colectivos culturais e socias, axudas ás AA.VV....

Neste capítulo están as subvencións a actividades ou estímulos concretos e noutros casos, son transferencias de funcionamento, como é caso do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións, Mancomunidade, Entidade Menor de Bembrive.

Pola súa importancia, a maior contía corresponde á subvención aos usuarios do Transporte urbano colectivo, que tendo en conta a condición de usuarios descoñecidos, o prezo do billete é único para todos os usuarios, e se subvenciona unha parte do custe a determinados colectivos por razóns de rendas e outras causas.

Para o ano 2026, haberá un novo contrato, o expediente en trámite establece un cambio no modelo de prestación, pasando dunha xestión indirecta a unha directa por servizos prestados directamente a cidadanía (artigo 312 LCSP), onde o Concello, unha vez adxudicado o contrato, terá que fixar un prezo equilibrio (custe total ofertado/nº de usuarios previstos). A prestadora que resulte adxudicataria, oferta un custe anual de prestación, a súa retribución ten dúas liñas, unha polos ingresos recibidos segundo usos e tarifa que aprobe o Concello para cada perfil (prezo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 14 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



equilibrio menos bonificación), a diferenza ata o prezo anual do contrato ofertado, é unha subvención, xa que o prezo equilibrio que aproba o Concello cada ano (custe total ofertado/nº de usuarios previstos), permitiría equilibrar os custes do contrato e os ingresos, polo que, a diferenza entre o prezo equilibrio e o fixado para cada perfil de usuario, é unha subvención.

Segundo a memoria económica, no prazo do contrato, o financiamento dos usuarios ao prezo do contrato con cargo a tarifa, é dun 47,79%, media dos 9 anos da prestación.

O financiamento do Concello, unha vez deducido o financiamento Estatal, é dun 48,86%.

Esta nova forma de prestación vai supoñer elevar a dotación orzamentaria dos 16,6 millóns do ano 2025, aos 19,2 millóns do ano 2026 (axustada xa pola entrada en vigor do novo contrato, que segundo as estimacións, nunca antes do remate do primeiro trimestre do ano 2026), unha variación de 2,6 millóns, que supón un incremento do 15,66% en relación co ano 2025.

O Marco Orzamentario de medio prazo, prevía unha variación do 1% para este capítulo, que se considera insuficiente unha vez coñecida a variación no custe de esta prestación, o incremento vai ser do 9,21% en relación coa dotación de este capítulo para o ano 2025. A valoración no marco orzamentario situaba a variación do custe do contrato no capítulo 2, de aí o incremento que reflectía o capítulo 2 nas previsións de medio prazo.

Incrementábase a achega á XMU e as Fundacións do perímetro de consolidación, polo incremento do capítulo 1 nun 1,8%.

CAPÍTULO 5 (Fondo de Continxencia).

O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, igual que no 2025.

CAPÍTULO 6 (Investimentos reais).

Neste capítulo reflíctense os acordos asinados coa Excm. Deputación de Pontevedra, e o financiamento que corresponda en relación cos fondos NextGeneration (MRR) pola anualidade do ano 2026 correspondente ao PSTD de Bouzas e Paseo Granada.

Ao financiamento propio, se engade o cofinanciamento doutras administracións a proxectos de investimento concretos.

A Área de Fomento incorpora os convenios asinados até a data con outras administracións, con especial referencia á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra polo Estadio de Balaídos; Piscina de Teis relativa ao convenio 2025, así como polo Convenio co MITMA pola humanización da Avd. De Madrid, a convocatoria da Estratexia de desenvolvemento Integrado Local (EDIL), incluíndose os proxectos que resultaron aprobados co financiamento do ano, tanto da parte financiada polos fondos do EDIL, como polo financiamento propio (60%-40% respectivamente) e a convocatoria de axudas e a súa resolución da Fundación Biodiversidade.

Incorporase as anualidades dos investimentos plurianuais financiados con recursos propios que tiveron o seu inicio no ano 2025 ou anteriores e que teñan gasto comprometido para o ano 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 15 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CAPÍTULO 7 (Transferencias e subvencións de capital).

A dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV, as axudas a novas ou melloras de instalacións deportivas e axudas para a mellora de infraestrutura de inmoables das asociacións sen ánimo de lucro, así como aquelas que teñen o seu fundamento nas achegas do programa EDIL e da Fundación Biodiversidade.

A execución neste capítulo vai a ter unha relación directa coa tramitación das axudas do fondo do MRR da Xerencia Municipal de Urbanismo o do PSTD de Bouzas.

CAPÍTULO 8 (Activos financeiros).

Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en ingresos.

CAPÍTULO 9 (Pasivos financeiros).

Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas. Non hai saldo pendente de débeda financeira, tampouco amortización de pasivos.

MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS

As Ordenanzas fiscais vixentes e as modificacións en trámite prevén a actualización de tipos, polo que, as variacións que se produzan nos capítulos, agás do 4 e 7, serán as que teñan causa na revisión das Ordenanzas municipais e as asociadas a axustes de padróns, variacións tendenciais e axustes técnicos.

CAPÍTULO 1 (Impostos directos, IBI, IAE, IIVTNU, IVTM, Cesión IRPF).

Os impostos directos regulamentados na Orde EHA 3565/2008, son os seguintes: Imposto de Bens Inmoables (IBI), o Imposto de Actividades Económicas (IAE), o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU), reflectíndose neste capítulo a cesión por IRPF por estar este Concello no ámbito subxectivo previsto no artigo 111 do TRLRFL.

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das Ordenanzas Fiscais, axustando os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica. En relación cos tipos aplicables aos Impostos directos, está prevista a variación en relación co ano anterior, ademais das que xurdan dos axustes técnicos e os legais.



Copia do documento - Concello de Vigo
98-142

Data impresión: 09/09/2025 08:34 | Páxina 16 de 25
CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



O Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no seu artigo 4, establece que a formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. En consecuencia, as variacións que se produzan no IBI e IBICES, te causa nas novas altas ou revisións e actualizacións dos obxectos tributarios existentes.

En canto as previsións polo, IBI, BICES, IAE, IVTM, IIVTNU, a Dirección de Ingresos prevé un importante aumento, en especial no IBI, facendo os axustes de tipos, novas incorporacións e os que teñen causa na conxuntura económica. A previsión nos impostos propios é do 4%, que estará suxeita á variación das Ordenanzas Fiscais.

En relación coa porcentaxe do imposto cedido polo Estado en relación co IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHFP cada ano. A previsión que se está a avaliar, ten causa no Plan Fiscal de Medio Prazo do Goberno de España na marcha da economía para os anos 2026-2028, e na propia evolución da recadación, na que amosa unha evolución do PIB do 2,1% para o ano 2026.

En consecuencia co anterior, non se prevé unha variación en relación co criterio previsto no Marco Orzamentario de Medio Prazo.

A variación de este capítulo en relación co ano 2025, é do 3,73%.

CAPÍTULO 2 (Impostos indirectos, ICIO, Cesión IVE e Cesión II.EE).

Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a variación do ICIO ten causa na actividade inmobiliaria.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, sempre tendo en conta as entregas a conta regularizadas, até que se achegue outra información cunha variación do 2,1%.

En canto ao ICIO, é de esperar que a aprobación do PXOM, de un impulso aos ingresos por este imposto, esperándose unha variación non inferior ao 36%. A data de 30 de maio, os DRN de este imposto, representaban o 62% das previsión de todo o ano, ao que hai que engadir, os efectos de desenvolvemento do PXOM a partires do mes de setembro de 2025.

Como novidade neste capítulo, está a recarga sobre un imposto autonómico, neste caso, a taxa turística que regula a Lei 5/2024, de 27 de decembro e a Ordenanza Fiscal en trámite para xestionar o recargo, estimado para os tres trimestres do ano 2026 en 2,1 millóns.

A variación de este capítulo, estímase nun 29,9%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 17 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CAPÍTULO 3 (Taxas, prezos públicos, ocupación de dominio público, infraccións).

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, teñen variación en relación co ano 2025, sempre tendo en conta a variación prevista nas Ordenanzas Fiscais.

A variación prevista é do 3,13%.

CAPÍTULO 4 (Ingresos por transferencias de financiamento FCF, Fondo de Cooperación Local, Subvención a TUC, subvencións e cofinanciamento de servizos como o SAF e CEDRO), bonificación do servizo de TUC pola aplicación do Real Decreto-lei 1/2025, de 28 de xaneiro, pola liquidación do segundo semestre do ano 2025 con ingreso no ano 2026 e polo primeiro semestre do ano 2026.

O concepto relevante deste capítulo é o do Fondo Complementario de Financiamento polas entregas a conta máis a liquidación do ano 2024.

O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento (FCF) e na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma. Os demais ingresos son finalistas.

En canto aos primeiros, as previsións para o concepto de FCF, axústanse aos ingresos a conta do ano 2025 máis unha previsión de crecemento do 2,1% tendo en conta a proxección da economía para o ano 2026 até que se teña outra información.

Da información obtida, vaise a estimar a liquidación definitiva do ano 2024 en 3 millóns de euros.

Na participación dos Ingresos da Comunidade Autónoma (Fondo de Cooperación Local), farase a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación, manténdose as contías do ano 2025. No entanto, tendo en conta o cofinanciamento no ano 2026 do prezo tonelada de residuos sólidos urbanos tratados en SOGAMA, A Xunta de Galicia, con carácter finalista financia 12 euros tonelada, pasando o seu custe de 72,66 euros tonelada a 96,86 euros tonelada, ao que hai que engadir o IPC do ano 2025.

O ingreso que se está a producir, é de 12 euros tonelada, no ano 2025, foron 1.317.862,02 euros, polo que, mantense o mesmo criterio para o ano 2026, xa que se ven producindo o mesmo ingreso dende o ano 2024.

Terase en conta os ingresos correspondentes ao Real Decreto-lei 1/2025, de 28 de xaneiro en relación coas axudas ao Transporte Urbano Colectivo pola contía que corresponda ao segundo semestre do ano 2025 e primeiro do ano 2026.

O Ingreso estimado polo segundo semestre do ano 2025 e primeiro do ano 2026, é de 2.374.614 euros segundo a previsión de usos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 18 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar ten en conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar. A previsión estará en función das horas polo financiamento hora (625.000 horas de dependencia e 22.560 de libre concorrencia cun cofinanciamento de 12,5 euros/hora en dependencia e 3 euros/hora libre concorrencia).

Para o servizo do CEDRO mantense a contía das entregas a conta até a data.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma contía ca do ano anterior, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste, salvo que concorra algunha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

A variación de este capítulo en relación co ano 2025 é do 0,37% nos estados consolidados.

CAPÍTULO 5 (Ingresos patrimoniais).

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Os ingresos correspondentes a rendementos dos excedentes de tesourería, calcularanse ao tipo que están sendo retribuídos na actualidade, tendo en conta as IPFs e a contía das mesmas. Tamén se computa neste capítulo os dividendos pola participación na Empresa de Servizos Mortuorios, onde o Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100.

En relación cos rendementos mobiliarios, tense en conta a explotación por alugueiros do Auditorio Mar de Vigo e Zonas Complementarias. Neste concepto tense en conta as condicións do contrato de prórroga.

A variación negativa é do (0,43%), polo axuste nos ingresos patrimoniais sobre a previsión do ano anterior.

CAPÍTULO 6 (Alleamento de Investimentos reais).

As operacións de vendas de PMS, tendo en conta que están inventariadas na XMU, corresponderá ao Organismo Autónomo o seu rexistro. En relación coa venda de bens patrimoniais que se produzan na Entidade Local, se fose o caso, rexistraranse no acto no que se produza a mesma, tramitando a preceptiva modificación orzamentaria no estado de gastos pola contía da venda.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e Subvencións de Capital).

O Capítulo VII de Transferencias de Capital do Orzamento de Ingresos, reflicte as previsións contidas nos acordos en vigor ou en trámite, sempre tendo en conta os convenios coa Excm. Deputación e Pontevedra en relación coa grada de Gol do Estadio Balaidos, o Convenio anual de infraestruturas, anos 2025, o convenio co MITMA pola humanización da Avda. De Madrid, así como os Fondos FEDER polo EDIL, a convocatoria da Fundación Biodiversidade, que poden estar suxeitas a variacións en función da aplicación de novos acordos ou convenios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 19 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Si se producise algunha resolución de axudas finalistas en relación cos fondos do MRR, procederase a súa incorporación.

Se se asinasen convenios de financiamento finalista con outras administracións antes de pechar a información do ano 2026, habería que incorporalos.

CAPÍTULO 8 (Activos Financeiros).

Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

CAPÍTULO 9 (Pasivos Financeiros).

Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Non hai operación de débeda prevista para o ano 2026.

Financiamento finalista (A)

Empregos do CAPÍTULO 2, 6 e 7 con financiamento finalista

Concepto	Financiamento afectado 2026, capítulos 4 e 7		Administración ou axente financiador			
		Importe	A.Central	Xunta	Deputación	UE
42090	Financiación transporte	1.592.079,82	1.592.079,82			
42091	Bonificación RD-lei 1/2025	2.474.613,64	2.474.613,64			
45001	Fondo adicional por canon SOGAMA	1.317.862,02		1.317.862,02		
45002	Lei de dependencia SAF	8.330.400,00		8.330.400,00		
45003	Programa de Drogodependencia	541.039,00		541.039,00		
45030	Subvencion EIM por alumno	572.914,00		572.914,00		0,00
49100	Alcabre Verde, Fund. Biodiversidade	58.883,38				58.883,38
72091	Anualidade Avd. De Madrid, MITMA	5.100.000,00	5.100.000,00			
76109	Convenio Diputación Piscina Teis	5.000.000,00			5.000.000,00	
76110	Convenio Diputación Balaidos	6.576.154,55			6.576.154,55	
79100	Alcabre Verde, Fund. Biodiversidade	589.340,50				589.340,50
791	EDIL, P1	1.708.203,04				1.708.203,04
791	EDIL, P2	442.517,96				442.517,96
791	EDIL, P3	490.468,99				490.468,99
791	EDIL, P4	1.609.940,07				1.609.940,07
Total		34.304.007,91	9.166.693,46	10.762.215,02	11.576.154,55	4.899.353,94





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL/DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 98/142

Axustes de consolidación (B)

Aplicación	Institución	Importe
1510.4100000	Transferencia de financiamento á XMU	6.273.000,00
3330.4890003	Transferencia de financiamento á FUNDACIÓN MARCO	770.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	250.000,00
3330.4890000	Fundación LISTE	127.000,00
Total		7.420.000,00

Transferencias a outras Administracións, achegas que fai o Concello non son finalistas (C)

Aplicación	Institución	Importe
3330.4890001	FUNDACIÓN LAXEIRO	95.000,00
3410.4890002	FUNDACIÓN VIDE	125.000,00
9420.4630000	MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO	180.000,00
9420.4680000	ENTIDADE MENOR DE BEMBRIVE	329.000,00
TOTAL (B)		729.000,00

Axustes de variación permanentes de recadación 2026

VARIACIÓN INGRESOS PERMANENTES			
Concepto		Porcentaxe	Importe
11300	IBI	4,00 %	3.738.563,00
11400	BICES	4,00 %	123.560,00
13000	IAE	4,00 %	519.000,00
26100	Recargo. T.turística		2.100.000,00
32600	Ret.Vehiculos	4,00 %	37.440,00
342	Ens.Especiales	4,00 %	7.734,32
343	Instalacións deport e X.	4,00 %	80.895,48
Total			6.607.192,80

Limite do gasto non financeiro $_{2026} = \text{Liquidación}_{2025} \text{ axustada} * \text{TRCPIB}_{2026; 3,3\%} + \text{variacións permanentes en ingresos, art. 12,4 LOEPSF.}$

Inexecucións estados consolidados

NEXECUCIÓN				
Institución	Capítulo	Dotación	Porcentaxe	Importe
Entidade	1	81.276.245,70	17,00%	13.816.961,77
XMU	1	6.673.031,65	5,00%	333.651,58
XMU	2	2.169.446,86	2,00%	43.388,94
Total				14.194.002,29



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2025 08:34

Páxina 21 de 25

98-142

CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Estado de gastos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación: Marco, Liste e Convention Bureau)

2025					2026	Variación 26/25
Capítulo	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Estimado Obl.Recoñecidas		
1	86.407.635,54	86.537.034,12		71.265.235,03	88.531.595,35	2,46%
2	165.829.761,60	175.836.658,29		166.549.692,25	175.835.557,99	6,03%
3	51.780,00	375.780,00		225.968,00	61.780,00	19,31%
4	33.745.965,46	34.987.823,13		32.361.789,60	36.955.348,46	9,51%
5	600.000,00	600.000,00		,00	600.000,00	0,00%
G. Corrente NF	286.635.142,60	298.337.295,54		270.402.684,88	301.984.281,80	5,35%
6	44.644.462,86	133.454.125,35		39.200.023,45	41.840.484,35	-6,28%
7	3.345.680,80	10.552.519,03		3.096.234,44	1.059.444,00	-68,33%
G. capital NF	47.990.143,66	144.006.644,38		42.296.257,89	42.899.928,35	-10,61%
G. Non Financ.	334.625.286,26	442.343.939,92		312.698.942,77	344.884.210,15	344.884.210,15
8	532.000,00	5.032.000,00		399.000,00	532.000,00	
Total	335.157.286,26	447.375.939,92		313.097.942,77	345.416.210,15	3,00 %

Estado de ingresos Consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau)

	2025				2026	Variación 26/25
			Estimado			
Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Der. Rcoñecidos			
123.381.301,49	123.381.301,49	100,00%	123.381.301,49		127.979.057,93	3,73%
11.620.105,44	11.620.105,44	100,00%	11.620.105,44		15.094.806,64	29,90%
48.527.950,77	48.557.877,86	105,00%	48.964.947,86		50.044.743,02	3,13%
124.005.970,81	126.662.176,99	98,00%	126.635.176,99		124.464.981,45	0,37%
5.809.000,00	5.864.000,00	100,00%	5.570.800,00		5.783.996,00	-0,43%
313.344.328,51	316.085.461,78		316.172.331,78		323.367.585,04	3,20%
,00	,00		,00			
18.960.433,35	23.960.433,35	80,00%	16.334.094,89		21.516.625,11	13,48%
18.960.433,35	23.960.433,35	68,17%	16.334.094,89		21.516.625,11	13,48%
332.304.761,86	340.045.895,13	97,78%	332.506.426,67		344.884.210,15	344.884.210,15
2.852.524,40	107.330.044,79	75,00%	399.000,00		532.000,00	
335.157.286,26	447.375.939,92	74,41%	332.905.426,67		345.416.210,15	3,00 %





Desagregación capítulo 1 e 2

Concepto	2025	2026
IBI	74.767.080,00	78.507.723,00
BICI	3.089.000,00	3.212.560,00
IAE	14.441.000,00	14.960.000,00
IVTM	15.367.391,00	15.367.391,00
IIVTNU	5.500.000,00	5.500.000,00
ICIO	3.301.000,00	4.501.000,00
Tasa turística	,00	2.100.000,00
irpf+ive+iiee	18.535.935,93	18.925.190,57
Suma	135.001.406,93	143.073.864,57
FCF+Liq	106.013.392,88	102.697.988,10

RECADACIÓN DE CORRENTE E PECHADOS CONSOLIDADA

Capítulo	Estimacion D.R	% Rec.Corrente	R.Corrente	Rc.Corr+Pech	Axuste recad.
1	123.381.301,49	95,00%	117.212.236,42	121.384.287,47	-1.997.014,02
2	11.620.105,44	100,00%	11.620.105,44	11.642.149,59	22.044,15
3	48.964.947,86	89,00%	43.578.803,60	46.613.116,53	-2.351.831,33
4	126.635.176,99	100,00%	126.635.176,99	126.787.061,18	
5	5.570.800,00	95,00%	5.292.260,00	5.564.152,63	
I.Corrente NF	316.172.331,78		304.338.582,44	311.990.767,41	
6	,00	0,00%	0,00	0,00	
7	16.334.094,89	100,00%	16.334.094,89	16.462.737,70	
I. capital NF	16.334.094,89		16.334.094,89	16.462.737,70	
Total I. NF	332.506.426,67		320.672.677,33	328.453.505,11	

RECADACIÓN DE PECHADOS

Capítulos	DR.Ptes. Pecha.	% Rec,Pechados	R. est.Pechados
	01/01/25	Ano 2024	31/12/25
1	26.916.458,44	15,50%	4.172.051,06
2	551.103,82	4,00%	22.044,15
3	21.443.907,70	14,15%	3.034.312,94
4	267.495,93	56,78%	151.884,19
5	606.497,06	44,83%	271.892,63
7	885.969,75	14,52%	128.642,81





Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva (2025-2026)

CÁLCULO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA			
			2025
Capítulos	D.Axustados	Obrigas	Sperávit/déficit
1	121.384.287,47	71.265.235,03	
2	11.642.149,59	166.549.692,25	
3	46.613.116,53	225.968,00	
4	126.635.176,99	32.361.789,60	
5	5.570.800,00	0,00	
O.correntes N.F	311.845.530,59	270.402.684,88	41.442.845,71
6	0,00	39.200.023,45	
7	16.334.094,89	3.096.234,44	
Op. Capital N.F	16.334.094,89	42.296.257,89	-25.962.163,00
O.N.financeiras	328.179.625,48	312.698.942,77	15.480.682,71
	Axuste CN, PTE		343.152,03
	Axuste CN, liquidación 2020		,00
	Axustes FMRR Ayto		-3.643.352,00
	Axuste FMRR Xerencia		1.656.750,51
Capacidade de financiamento			13.837.233,25

2026	
Ingresos	Gastos
127.979.057,93	88.531.595,35
15.094.806,64	175.835.557,99
50.044.743,02	61.780,00
124.464.981,45	36.955.348,46
5.783.996,00	600.000,00
323.367.585,04	301.984.281,80
0,00	41.840.484,35
21.516.625,11	1.059.444,00
21.516.625,11	42.899.928,35
344.884.210,15	344.884.210,15
(F217-G217)	,00

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nas liñas fundamentais para o ano 2026, condición que xa se cumpría no marco orzamentario.

En canto á estimación de peche do ano 2025, prevese que se de cumprimento ao obxectivo.

Regra de gasto

Hai previsión que se de cumprimento ao obxectivo de evolución do GNF tanto no ano 2025 como no ano 2026.

Ano 2025

REGRA DE GASTO 2025				3,20%	TRCPIB						
				Axustes, incluíndo os de consolidación e as medidas normativas permanentes, Δ do 4% nas OF							
Grupo	GNF/2023	Limite GNF	GNF executado.P	F.Europeos	A.Central	CA	Deputación	Outros	Consolidac.	Ax. recad.	GNF/axustado
Concello	261.788.940,06	270.166.186,14	307.530.917,32	5.450.057,65	3.998.400,00	12.414.489,63	3.950.000,00	907.553,50	7.255.000,00	6.066.382,65	267.489.033,89
XMU	6.184.872,47	6.382.788,39	10.685.689,47	,00	359.000,00	1.174.500,51					9.152.188,96
MARCO	1.074.124,39	1.108.496,37	987.241,74								987.241,74
C.BUREAU	700.629,34	723.049,48	502.595,97								502.595,97
LISTE	126.923,46	130.985,01	128.113,27								128.113,27
	269.875.489,72	278.511.505,39	319.834.557,77	5.450.057,65	4.357.400,00	13.588.990,14	3.950.000,00	907.553,50	7.255.000,00	6.066.382,65	278.259.173,83





Año 2026

		REGRA DE GASTO 2026		3,30%		TRCPIB						
				Axustes, incluíndo os de consolidación e as medidas normativas permanentes, Δ do 4% nas OF								
Grupo	GNF/2023	Límite GNF	GNF Presupostado	F.Europeos	A.Central	CA	Deputación	Outros	Consolidac.	Ax. recad.	Inexecución	GNF/axustado
Concello	267.489.033,89	276.316.172,01	341.615.106,15	4.899.353,94	9.066.693,46	10.762.215,02	11.576.154,55	729.000,00	7.420.000,00	6.607.192,80	13.816.961,77	276.737.534,61
XMU	9.152.188,96	9.454.211,20	9.049.604,00	,00	,00	205.700,00					377.040,52	8.843.904,00
MARCO	987.241,74	1.019.820,72	1.087.000,00									1.087.000,00
C.BUREAU	502.595,97	519.181,64	552.500,00									552.500,00
LISTE	128.113,27	132.341,01	133.000,00									133.000,00
	278.259.173,83	287.309.385,56	352.437.210,15	4.899.353,94	9.066.693,46	10.967.915,02	11.576.154,55	729.000,00	7.420.000,00	6.607.192,80	14.194.002,29	286.976.898,09

En canto a débeda financeira viva, hai que informar que non hai saldos vivos pendentes de amortizar.

Obxectivo de débeda pública.

O artigo 13 da LOEPSF, establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública.

Ao peche do ano 2024, o endebedamento das AAPP segundo o PDE, é do 101,8%, do que, o 21,1% corresponde ás CCAA e o 1,4% ás EELL.

O Subsector local, da cumprimento ao previsto no artigo 13 a LOEOSF, aínda que deberá reducir o seu peso para o peche do ano 2025-2026, pasando do 1,4% ao 1,3% do PIB.

Conclusión

En aplicación do marco normativo e das directrices en relación coas magnitudes tendenciais e de formación dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, estas son as liñas fundamentais dos orzamentos para o ano 2026 e a previsión de Liquidación do Orzamento do ano 2025, que serán enviados ao Ministerio de Facenda para dar cumprimento ao requirimento antes das 24 horas do día 15/09/2025.

Queda incorporado ás mesmas os convenios vixentes en relación co cofinanciamento doutras administracións.

Hai cumprimento das regras fiscais, tanto na previsión da Liquidación do Orzamento do ano 2025 como das previsións do proxecto orzamentario 2026.

En relación coa previsión de Liquidación do Orzamento do 2025 tívose en conta as dotacións orzamentarias vixentes, polo que, de xurdir algún gasto extraordinario antes do peche, non estaría computado nesta previsión, aínda que xa está prevista a modificación 56,56A/25 en trámite.

En Vigo á data da sinatura electrónica.

O Tesoureiro-Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

O Interventor Xeral Municipal: Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:34	Páxina 25 de 25
98-142	CSV: AEAE8H-E7BCAC-D9C1AE-EE2Z8R-GSGQYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		